



# Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT  
A Coruña



Deputación  
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

## CONSULTA AS NOVIDADES!

12 de xullo 2024

### -Remata a segunda edición do #EncuentroClubUE

Podes botar un ollo na conta @europedirectcoruna para descubrir máis deste segundo encontro de formación entre os EUROPE DIRECT de A Coruña e Asturias e as actividades de formación e desenvolvemento de competencias que realizaron os membros de ClubUE que participaron.

### -Prácticas BlueBook da Comisión Europea

A Comisión Europea abre o vindeiro luns 15 o prazo para solicitar prazas de formación remunerada durante cinco meses en diferentes postos e perfís na Comisión Europea e as súas axencias.

### -Charlemagne Prize Fellowship 2024/25 - ata o 11 de agosto

Bolsa para persoas investigadoras novas e expertas en políticas de próxima xeración menores de 35 anos que queiran levar a cabo un proxecto de investigación independente (individualmente ou en grupo) sobre como preparar Europa para o futuro. A bolsa do Premio Carlomagno é un programa non residencial dun ano de duración dotada con 20.000€ por proxecto de investigación.

### -Voluntariado IVY na Eurocidade Chaves-Verín - ata o 19 de xullo

Oportunidade de Interreg Volunteer Youth (IVY) remunerada de 6 meses de duración para persoas interesadas na cooperación transfronteriza e a comunicación.

### -Bolsas de internacionalización profesional do Igape - ata o 22 de xullo

O Igape convoca 50 prazas para a capacitación de mozos e mozas profesionais en materia de internacionalización empresarial con prácticas de 11 meses, prorrogables, en centros de Galicia e do estranxeiro.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - [www.dacoruna.gal/europedirect](http://www.dacoruna.gal/europedirect)



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

**-Bolsa Fundación María Cristina Masaveu Peterson - Museo do Prado - ata o 25 de xullo**

Unha bolsa dun ano para formación, investigación e capacitación en conservación, restauración, museoloxía, desenvolvemento dixital e xestión cultural no Museo do Prado.

**-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade:**

**-Voluntariado sobre arte e humanidades en Grecia - sen data límite**

Experiencia de voluntariado de oito semanas en Tesalónica para executar un proxecto relacionado coas artes e a sociedade.

**-Traballo voluntario nunha asociación xuvenil de Hungría - ata o 17 de xullo**

Tres meses de voluntariado para traballar en temas de redes sociais e arqueoloxía.

**E lembra!**

**-Curso sobre a Unión Europea do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación - ata o 15 de xullo**

Edición 141 deste curso presencial en Madrid sobre a UE que se imparte de outubro a decembro.

**-Formación remunerada no Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero - ata o 26 de xullo**

Prácticas de seis meses na unidade de Extensión e Participación na sede do instituto en Lituania.

**-Prácticas no Tribunal de Xusticia da Unión Europea - ata o 15 de setembro**

Entre tres e cinco meses de formación nos gabinetes de avogacías xerais e xuíces ou nos servizos do Tribunal.





### Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

\*\*\*

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

